

## **CAPÍTULO I: SOBRE A ORGANIZACIÓN**

### **Artigo 1º**

Erguer. Estudantes da Galiza é unha organización estudantil galega para a defensa dos dereitos do estudantado das clases populares cuxo obxectivo estratéxico é alcanzar un ensino galego, público, de calidade, democrático, laico, feminista e científico.

### **Artigo 2º**

Erguer. Estudantes da Galiza é unha organización plural, situada no campo da esquerda nacionalista e independentista galega, e encadrada nun movemento político que procura exercer o noso dereito a decidir como pobo e a construción da República da Galiza.

### **Artigo 3º**

Erguer. Estudantes da Galiza como organización de carácter independentista ten como obxectivo a difusión da conciencia nacional e de clase galega entre o estudantado, actuando conforme á realidade e ás necesidades do país.

### **Artigo 4º**

Erguer. Estudantes da Galiza como organización de carácter popular, democrático e anticapitalista busca afianzar nas aulas do país un movemento amplo que defenda a superación do modo de produción capitalista como sistema económico hexemónico, asumindo así o socialismo como horizonte estratéxico.

### **Artigo 5º**

Erguer. Estudantes da Galiza como organización non cisheteropatriarcal asume as teses feministas en busca da igualdade plena entre os diversos xéneros e, por tanto, a eliminación de calquera tipo de opresión, discriminación ou explotación por razóns de xénero, sendo o noso fin último a abolición deste.

### **Artigo 6º**

Erguer. Estudantes da Galiza como organización internacionalista e anti-imperialista, móstrase contraria a calquera tipo de opresión, discriminación ou explotación e busca a igualdade plena entre todos os pobos do mundo.

## **CAPÍTULO II: SOBRE O ESPAZO DE ACTUACIÓN**

### **Artigo 7º**

Erguer. Estudantes da Galiza desenvolverá a súa actividade no conxunto dos centros de ensino e rúas de todo o territorio galego (CAG) e das comarcas baixo administración asturiana e castelá. En concreto, os territorios do Navia, Bierzo, As Portelas e Cabreira.

## **CAPÍTULO III: PRINCIPIOS IDEOLÓXICOS ORGANIZATIVOS**

### **Artigo 8º**

Os principios ideolóxicos de Erguer. Estudantes da Galiza basearanse nos seguintes puntos:

- **Nacional:** unha organización nacional, que defende e reivindica os dereitos nacionais do noso pobo e que aposta pola independencia e a soberanía nacional plena como paso necesario para a consecución dun sistema educativo público e galego.
- **Democrática e Popular:** unha organización que aspira a organizar aqueles sectores do estudantado pertencentes ás clases populares e que ten unha visión social superadora do capitalismo e no camiño dunha sociedade igualitaria.
- **Feminista:** unha organización que busca a superación do patriarcado a través da loita feminista e que conduza a unha igualdade efectiva entre xéneros e á superación destes.
- **Asemblearia:** unha organización asemblear que fomenta a participación de todo o estudantado organizado nos órganos zonais (e por extensión nos nacionais) ou estudantado participante en asembleas abertas que se poidan organizar de cara á expansión organizativa. Para isto deberán levarse a cabo os correspondentes valores democráticos de debate e decisión colectiva.
- **Reivindicativa e combativa:** Erguer. Estudantes da Galiza. busca ser unha organización con capacidade real de actuación e que teña forza para loitar polos obxectivos marcados e determinación para promover a mobilización e organización do estudantado e que sexa capaz de se adaptar aos métodos de loita que se achen necesarios para cada situación concreta.
- **Autoorganización:** Erguer. Estudantes da Galiza debe ser unha ferramenta do estudantado galego, entendendo que só desta maneira poderemos ser unha organización autónoma, sen inxerencias externas e con tempos propios.

#### **CAPÍTULO IV: SOBRE SIMBOLOXÍA E COMUNICACIÓN**

##### **Artigo 9º**

O idioma da organización será unicamente o galego, tanto no uso interno entre as persoas e documentos da organización coma no uso externo. Serán a normativa ILG-RAG ou reintegracionista nun uso en igualdade de ambas normas.

Soamente para comunicacións internacionais a organización poderá facer uso doutra lingua.

Nas comunicacións de Erguer non se usará o masculino xenérico. Optarase por fórmulas xenéricas, é de non ser posible o feminino xenérico

##### **Artigo 10º**

O logo de Erguer. Estudantes da Galiza será unha estrela de cinco picos, azul e vermella, fragmentada en tres partes, e que leva ao seu carón o nome da organización en tipografía grosa e de cor negra.

Existe unha variante para Acción feminista onde a estrela e a tipografía de erguer é lilá, cun símbolo feminista dentro do <g>.

##### **Artigo 11º**

Será o himno nacional o utilizado pola organización cando se requira. A bandeira será a de Galiza, coa franxa azul e estrela vermella. Como organización internacionalista, adoptamos o himno da Internacional como himno de todos aqueles pobos en loita contra o capital. Aceptamos tamén as bandeiras lilás e LGTBI xa que Erguer. Estudiantes da Galiza é unha organización feminista e antilgtbifóbica. De, nalgún caso, querer utilizar outro himno ou bandeira, este non poderá contradicir a ideoloxía da organización e necesitará a autorización do Consello Nacional para a súa utilización.

## **CAPÍTULO V: SOBRE AS ORGANIZADAS E ORGANIZADOS**

### **Artigo 12º**

Poderán ser integrantes da organización todas aquelas estudantes recoñecidas como tales pola organización do seu centro ou pola asemblea zonal de non haber centro. As novas integrantes da organización contarán con voto nos órganos acaídos após a súa primeira asemblea, sexa de centro ou de zona, na que se lles recoñece como membros de dito órgano.

### **Artigo 13º**

A organización é aberta a calquera estudante que o desexar e poderá formar parte dela, após solicitalo e ser recoñecida como tal pola súa Asemblea de centro, mais asumindo os dereitos e deberes aplicábeis a todas as integrantes.

É incompatíbel a participación dunha membro noutra organización estudantil que compita polo mesmo espazo político.

As estudantes de UNED poderán crear unha asemblea que funcionará como unha asemblea de centro en caso de haber suficiente número de alumnas interesadas en participar da organización; senón poderán formar parte da asemblea do centro que imparte a súa titulación, ou ao que máis se lle asemelle baixo previo recoñecemento pola asemblea de centro. Todas as membros son iguais entre si e posúen os mesmos dereitos.

### **Artigo 14º**

Son dereitos das integrantes da organización:

- a) Contribuír a definir a orientación da organización, participando en todos os debates que se dean en todas as asembleas e organismos aos que pertenza.
- b) Elixir e ser eleita para as diversas responsabilidades da organización.
- c) Recibir formación e información por parte da organización.
- d) Recibir axuda por parte da organización, en caso de ter problemas derivados ou relacionados coa súa pertenza á mesma.
- e) Asistir e participar activamente en todos os foros de debate internos.
- f) Participar das actividades desenvolvidas pola organización.
- g) Empregar os recursos dos que dispoña a organización para realizar actividades, sempre e cando sexa para uso e beneficio da propia organización.

- h) Expresarse libremente no seo da organización.
- i) Darse de baixa da organización baixo petición propia.

#### **Artigo 15º**

Son deberes das integrantes da organización:

- a) Participar activamente dos puntos de debate internos.
- b) Participar das actividades desenvolvidas pola organización.
- c) Empregar o idioma galego como único vehículo de comunicación habitual no ámbito público e promovendo o seu uso no ámbito privado.
- d) Respetar os acordos da organización e as liñas aprobadas en Asemblea Nacional.
- e) Cumprir co traballo acordado.
- f) Respetar a todas as compañeiras da organización.
- g) Empregar unha linguaxe non discriminatoria.
- h) Toda membro do CN que non cumpra estes deberes e/ou non participe na súa Asemblea de Centro (ou de non habela, de zona) someterase aos mecanismos de mediación competentes.

#### **Artigo 16º**

De haber un conflito entre integrantes da organización ou entre zonas e tendo esgotado os espazos de debate pertinentes (Asemblea de Centro e Asemblea de Zona), poderá recorrerse á Comisión de Garantías, órgano que mediará nos conflitos e velará polo respecto dos dereitos das organizadas. Calquera medida disciplinar referida a calquera membro da organización debe ser compartida pola maioría absoluta da Comisión de Garantías.

### **CAPÍTULO VI: ESTRUCTURA ORGANIZATIVA E ELECCIÓN DOS ÓRGANOS**

#### **Órganos nacionais e as súas funcións**

#### **Artigo 17º**

O máximo órgano de decisión será a Asemblea Nacional, da cal poderán participar todas as persoas organizadas. A AN ten potestade sobre calquera decisión que se aprobará co respaldo dunha maioría simple, agás os estatutos que precisarán da maioría de 2/3 para se modificaren.

A elección do Consello Nacional e da Comisión de garantías será potestade de cada Asemblea Nacional Ordinaria, así como daquelas extraordinarias que o suxiran.

A periodicidade da AN será de modo ordinario, celebrándose unha en cada ano escolar. Será convocada polo Consello Nacional con 3 meses de antelación para a elaboración e debate de textos. No caso de fin de período a Responsábel Nacional deberá convocar Asemblea Nacional Ordinaria no último mes do mesmo.

Para convocar unha AN Extraordinaria deberá contar cunha maioría absoluta do Consello Nacional. De non ser así, pode ser convocada por 2/3 das Asembleas Zonais, estando a favor 2/3 das integrantes de cada unha destas.

As competencias da AN son:

- a) Definir e aprobar os principios político-organizativos da organización.
- b) Definir e aprobar os obxectivos estratéxicos e a liña táctica para levalos a cabo.
- c) Emendar, debater e aprobar ou rexeitar os textos presentados polo Consello Nacional saínte.
- d) Elixir o Consello Nacional.

### **Artigo 18º**

#### **Conferencia Nacional (CfN)**

A CfN ou Encontro Nacional é un organismo que reúne a todas as integrantes da Erguer. Estudantes da Galiza para analizar de xeito monográfico un tema en concreto, aprobar documentos de análise ou tomar unha postura dun acontecemento importante.

A CfN convócase polo CN por decisión da maioría das súas integrantes ou da metade das Asembleas de Zona.

A convocatoria terá que remitirse a todas as membros da organización como mínimo cunha semana de antelación.

### **Artigo 19º**

O Consello Nacional é o máximo órgano de dirección de Erguer. Estudantes da Galiza durante o tempo que transcorre entre dúas AN.

O Consello Nacional estará conformado polas responsábeis zonais elixidas nas correspondentes asembleas zonais, a responsábel da Asemblea Nacional de Acción Feminista e polas integrantes da organización eleitos pola AN. O CN debe facer efectivos os acordos tomados pola AN e pór en común os criterios de actuación das distintas asembleas, obedecendo aos textos aprobados na última AN.

O Consello Nacional debe reunirse como mínimo cunha frecuencia mensual e deben ser presenciais. Estes deben ser rotativos, en termos territoriais, e deben pular por facilitar a presenza de quen teña dificultades comunicativas ou económicas para trasladarse, financiando unha porcentaxe da viaxe a quen así llo solicite á responsábel de finanzas con anterioridade á xuntanza. Esta porcentaxe será decidida pola Consello Nacional após a súa constitución despois da AN.

Convocarase de xeito telemático ás persoas que formen parte do CN, cun mínimo de 72h de antelación, acompañando a convocatoria dunha orde do día que poderá ser modificada. Nas seguintes 96h deben enviarse os acordos ao conxunto do CN. As responsábeis das Asembleas Zonais darán conta destes nas asembleas de zonas onde poderán ser mostrados posteriormente

a calquera membro da organización se así o solicita, coa fin de que a información e a comunicación entre o CN e toda a militancia sexa totalmente transparente e eficaz.

O Consello Nacional debe elaborar propostas e documentos a debate nas distintas asembleas do país, do mesmo xeito que debe recoller e valorar as propostas feitas nas mesmas asembleas.

#### **Artigo 20º**

As funcións do Consello Nacional serán:

- a) Dirixir o traballo táctico e estratéxico a partir dos acordos xurdidos da Asemblea Nacional.
- b) Convocar as Asembleas Nacionais Ordinarias ou Extraordinarias e elaborar os documentos precisos para as mesmas.
- c) Manter e ampliar as relacións con outras organizacións galegas ou internacionais.
- d) Planificar e rexer o patrimonio e os recursos financeiros e materiais da organización.
- e) Proporlle á Asemblea Nacional a existencia dunha cota extraordinaria en situacións puntuais xustificadas.
- f) Garantir o cumprimento dos acordos emanados da Asemblea Nacional.
- g) Realizar o traballo nacional que se requira.
- h) Render contas perante a Asemblea Nacional.
- i) Someter á aprobación da Asemblea Nacional o balance económico da organización.
- j) Traballar pola expansión organizativa.
- k) Realizar seguimento constante da actividade da organización de cara á consolidación organizativa no campo do movemento estudantil.
- l) Representar a promoción pública da organización.
- m) Elaborar as comunicacións públicas da organización ou, no seu caso, escoller á persoa/persoas que as elaborarán.
- n) Elaborar planos de actuación, recollendo e analizando as propostas da base da organización.

#### **Artigo 21º**

Son deberes das integrantes do Consello Nacional:

- a) Acudir regularmente ás xuntanzas de dito organismo e participar activamente de todos os debates.
- b) Elaboración periódica de documentos que recollan propostas tácticas para a concreción da actividade de cada área nos ditintos espazos da organización.
- c) Desenvolver o traballo da súa responsabilidade acordado nas xuntanzas.

- d) Velar pola realización do traballo acordado pola organización nos distintos espazos de actuación.

### **Órganos zonais e as súas funcións**

#### **Artigo 22º**

O máximo órgano zonal é a Asemblea de Zona que está formada polas integrantes da organización dentro dunha mesma zona, formadas polas comarcas ou localidades que a organización estableza. As zonas están constituídas por un mínimo de tres membros e deben limitarse de xeito que se asemellen o máximo posíbel ás comarcas do país, incorporando tamén a elas á militancia de Erguer que estude en centros próximos de comarcas próximas con zonas aínda non constituídas que así o desexaren. Estas deben reunirse como mínimo unha vez ao mes. As integrantes destes centros deberán traballar conxuntamente coa responsábel de expansión organizativa para ampliaren a base da organización na comarca e se constituíren en zona o antes posíbel. As asembleas de centro conforman a zona.

#### **Artigo 23º**

As funcións da Asemblea Zonal son as seguintes:

- a) Escoller a responsábel zonal.
- b) Definir as liñas de traballo a nivel zonal.
- c) Trasladar un informe económico periodicamente ao Consello Nacional, o cal será recollido e arquivado pola Responsábel Nacional de Finanzas.
- d) Elaborar un calendario bimensual, contando coas propostas das Asembleas de Centro, de actividades a realizar na zona.

A convocatoria de asembleas debe facerse cun mínimo de 72h de antelación, acompañándoa dunha orde do día que poderá ser modificada. Nas seguintes 96h debe enviarse uns acordos ás integrantes da Asemblea Zonal.

### **Responsabilidades e as súas funcións**

1. Responsábel de Organización.
2. Responsábel de Finanzas e Relacións Institucionais.
3. Responsábel de Formación.
4. Responsábel de Comunicación e Publicacións.
5. Responsábel de Relacións Socio-políticas e Internacionais.
6. Responsábel de Expansión Organizativa e Implantación.

Calquera outra responsabilidade que a Asemblea Nacional ou o Consello Nacional vexa preciso no período interasemblemear.

### **Artigo 25º**

A persoa que sexa escollida Responsábel Nacional de Organización terá as seguintes competencias:

- a) Convocar as reunións nacionais e coordinar o traballo do Consello Nacional.
- b) Velar pola creación das actas e os documentos internos do órgano. Levar un seguimento da actividade nacional e da situación organizativa.
- c) Presidir e moderar as reunións nacionais.
- d) Coordinar o traballo nas distintas zonas estando en constante comunicación coas responsábeis das mesmas

### **Artigo 26º**

A persoa que sexa escollida Responsábel Nacional de Finanzas e Relacións Institucionais terá as seguintes competencias:

- a) Coordinar a acción da organización no eido institucional de representación do estudantado (Xuntas de Facultade, Claustro, Consellos de Goberno, Consellos Escolares, etc).
- b) Coñecer as diferentes normativas educativas do marco galego revisando periodicamente os cambios que se produzan nas mesmas e velando pola información do conxunto da organización neste aspecto.
- c) Levar o control detallado das contas da organización trasladando a información actualizada a cada CN.
- d) Asegurar, xunto coas responsábeis zonais, o pagamento das cotas extraordinarias, en caso de se establecer.
- e) Procurar vías de financiamento e ter coñecemento sobre as diferentes subvencións para solicitalas.
- f) Elaborar un libro de contas onde se recolla a información económica trasladada desde as Asembleas Zonais.
- g) Coordinar e controlar a venda de material e a súa distribución entre as diferentes Asembleas Zonais.

### **Artigo 27º**

A persoa que sexa escollida Responsábel Nacional de Formación terá as seguintes competencias:

- a) Crear e distribuír documentos para a formación interna das integrantes da organización.
- b) Coordinar as actividades de formación, tanto interna como externa.
- c) Encargarse de enviar os contidos correspondentes á prensa e aos medios de comunicación.



### **Artigo 28º**

A persoa que sexa escollida Responsábel Nacional de Comunicación e Publicacións terá as seguintes competencias:

- a) Elaborar plans comunicativos e boletíns de comunicación interna sempre que o CN o vexa necesario.
- b) Ocuparse da xestión das redes sociais e da web, así como asegurar a coherencia entre os diferentes perfís das zonas ou centros.
- c) Editar material, tanto informativo como axitativo.
- d) Encargarse da forma dos contidos que poidan crear outras responsabilidades.

### **Artigo 29º**

A persoa que sexa escollida Responsábel Nacional de Relacións Sociopolíticas e Internacionais terá as seguintes competencias:

- a) Manter relacións con organizacións galegas de carácter político e social.
- b) Participar daqueles organismos que teñen relación directa co tecido educativo.
- c) Manter o contacto coas organizacións estudiantís de fóra do país coas que partillemos os principios ideolóxicos.
- d) Pular pola creación de espazos de traballo conxunto.

### **Artigo 30º**

A persoa que sexa escollida Responsábel Nacional de Expansión Organizativa e Implantación terá as seguintes competencias:

- a) Elaborar plans para o espallamento da organización e estratexias para chegar a aqueles lugares ou sectores estudiantís onde non temos presenza.
- b) Procurar ferramentas de traballo e comunicativas para facilitar a constitución de asembleas zonais, así como a súa propia expansión nos diferentes centros e vilas da zona.
- c) Coordinar a actividade comarcal a nivel nacional, así como asegurar a correcta transmisión da información en calquera ámbito organizativo.

### **Artigo 31º**

As funcións das responsábeis zonais será as seguintes:

- a) Pertencer ao Consello Nacional e informar dos sucesos da súa comarca.
- b) Ter informada á zona dos acordos nacionais.
- c) Convocar as Asembleas Zonais.
- d) Coordinar o traballo entre as responsábeis de centro e comunicarlles os acordos do Consello Nacional.

- e) Manter as relacións sociopolíticas da zona, ou nomear a unha persoa encargada de facelo e referendada pola Asemblea de Zona.

### **A comisión de Garantías**

#### **Artigo 32º**

A Comisión de Garantías é o órgano de resolución de conflitos de Erguer. Estudantes da Galiza durante o período entre dúas Asembleas Nacionais.

A Comisión de Garantías (CG) está formada por membros de Erguer. Estudantes da Galiza elixidos pola Asemblea Nacional. As súas funcións serán:

- a) Interpretar as teses e actuar en caso de incumprimento.
- b) Velar de xeito activo porque se respecten os dereitos das membros.
- c) Mediar nos conflitos que puidera haber entre as membros.
- d) Elixir unha Secretaría que coordine a Comisión e sexa a persoa á que apelar.
- e) Elaborar un informe anual a partir do traballo (de haber), que será enviado ao Consello Nacional e presentado na AN.

#### **Artigo 33º**

##### **A elección da Comisión de Garantías:**

A CG está formada por cinco membros e tres suplentes que se elixirán por listas abertas na Asemblea Nacional.

É incompatíbel a pertenza á CG con calquera outra responsabilidade doutro organismo de Erguer. Estudantes da Galiza. Nese caso, a persoa afectada será substituída mentres dure o exercicio da súa responsabilidade.

No caso de que algunha persoa membro da CG abandone a organización, será substituída pola suplente que máis votos obtivera na elección.

A elección da CG farase a partir da primeira Asemblea Nacional ordinaria. As competencias da CG, namentres non se realice esta, serán exercidas polo CN xurdido da AN Constituínte.

#### **Artigo 34º**

A CG actuará a petición de calquera membro que o solicite. Toda solicitude presentarase á Secretaría da CG directamente, e esta porá a disposición da organización un correo electrónico para unha maior axilidade. A Comisión de Garantías está obrigada a escoitar e a ter en conta os argumentos das dúas partes implicadas na reclamación antes de deliberar. As decisións que adopte deberán tomarse por maioría. Esta decisión terá un carácter definitivo e inapelábel.

No caso de que algunha persoa integrante da Comisión de Garantías estea directamente involucrada no conflito sobre o que ten que mediar deberá ser substituída por suplentes.

### **Asemblea Nacional de Acción Feminista**

### **Artigo 35º**

A Asemblea Nacional de Acción Feminista é un órgano soberano e responsábel de establecer a liña política en materia de feminismo na nova organización. Está composta por todas as mozas da organización.

A Asemblea Nacional de Acción Feminista escollerá unha Responsábel Nacional de Acción Feminista que se integrará no CN coa finalidade de facer partícipe ao conxunto da organización dos posicionamentos, campañas e actividades que a ANAF decida.

### **Artigo 36º**

As competencias da Asemblea Nacional de Acción Feminista serán:

- a) Definir ou redefinir os principios e actuacións políticas e organizativas no eido antipatriarcal, definindo así tamén protocolos de actuación de cara a posíbeis comportamentos machistas tanto dentro como fóra da organización.
- b) Elaboracións de plans de traballo en materia feminista.
- c) Poder decisorio sobre todo aquilo que a ANAF considere necesario para o desenvolvemento da mesma ou da propia organización.
- d) Elección da responsábel da Asemblea Nacional de Acción Feminista.

### **Artigo 37º**

As competencias da Responsábel Nacional de Acción Feminista serán:

- a) Convocar e moderar as xuntanzas da ANAF.
- b) Coordinar o traballo da ANAF.
- c) Exercer a portavocía da ANAF.
- d) Elaborar textos e documentos formativos no ámbito do feminismo de xeito conxunto co resto da ANAF.

### **Artigo 38º**

Para potenciar e facer máis áxil o traballo feminista nas zonas, en todas nas que sexa posíbel reuniranse as mozas que formen parte da ANAF constituíndo unha Asemblea de Acción Feminista. Esta terá como función denunciar e dar resposta ás actitudes machistas que se dean no ensino na zona e artellar as campañas e actividades en materia de feminismo que se fagan na zona. A ANAF escollerá unha responsábel que estará en contacto frecuente coa Responsábel Nacional de Acción Feminista e á que esta debe trasladar os acordos nacionais.

## **CAPITULO VII: SOBRE O REXIME ECONÓMICO**

### **Artigo 39º**

O patrimonio inicial da organización conformarase o día da Asemblea Nacional Constituínte. A organización obterá ingresos dunha cota inicial cedida polas tres organizacións que preceden: Comités Abertos, Liga Estudantil Galega e Agir. A cuantía será decidida polas propias 10

organizacións. Ademais, de xeito voluntario, as persoas que integren o censo de cara á Asemblea Nacional Constituínte, así como outras que o desexen, poderán pagar unha cota inicial de 5 ou 10 €.

Toda membro de Erguer poderá contribuir mediante un pagamento mensual voluntario dun mínimo de 0"50€ e un máximo de 3€, en función das posibilidades económicas da militancia. Baseándonos na autoxestión, coa fin de obter financiamento máis aló daquel conseguido a través da venda de material, así como festas e outras actividades de ocio. O 60% do obtido mediante esta cota destinarase ás finanzas da zona, mentres que o 40% restante será remitido á caixa nacional.

#### **Artigo 40**

O peche de cada exercicio económico coincidirá coa celebración de cada Asemblea Nacional.

#### **Artigo 41º**

A organización manterase cos seguintes recursos:

- a) Cotas extraordinarias fixadas polo Consello Nacional á maneira de custo de 'inscrición' nunha Asemblea Nacional.
- b) Doazóns ou subvencións que poidan conceder órganos públicos, entidades privadas ou particulares.
- c) Ingresos que se poidan percibir polo desenvolvemento das actividades da organización.
- d) Calquera ingreso que non incumpra os estatutos da organización.
- e) A organización tamén percibirá ingresos a partir da venda de material editado pola mesma.

#### **Artigo 42º**

Para a disposición de fondos en calquera conta da organización en entidades bancarias terán recoñecidas as súas sinaturas a responsábel de organización e a responsábel de finanzas.

#### **Artigo 43º**

Como entidade sen ánimo de lucro en ningún caso poderán ser distribuídos entre as asociadas os recursos obtidos pola organización.

### **CAPITULO VIII: SOBRE A MODIFICACIÓN DE ESTES ESTATUTOS E DISOLUCIÓN DA ORGANIZACIÓN.**

#### **Artigo 44º**

Estes estatutos poderán ser modificados en Asemblea Nacional Extraordinaria convocada para tal efecto, adoptados por 2/3 das asociadas. A convocatoria deberá ir acompañada do texto das modificacións propostas.

Poderán ser modificados nunha Asemblea Nacional Ordinaria sempre e cando a aprobación da modificación (por 2/3 mínimo das integrantes da Asemblea) non interfira co Regulamento da

mesma nin incapacite outros textos sometidos a debate na mesma. Nese caso a modificación dos Estatutos deberá acompañarse de todas as modificacións oportunas, sendo estas aprobadas ao momento de aprobarse a modificación dos Estatutos.

**Artigo 45º**

A organización poderá disolverse voluntariamente por acordo das asociadas adoptada por 2/3 das asistentes á Asemblea Nacional Extraordinaria convocada con tal efecto.

**Artigo 46º**

Logo da acordada disolución, a Asemblea Nacional Extraordinaria designará tres asociadas que xunto á Responsábel de Organización e a Responsábel de Finanzas efectuarán a liquidación de bens, pagando débedas, cobrando créditos e fixando o haber líquido resultante.

**Artigo 47º**

O haber resultante, unha vez efectuada a liquidación, dotarase a outra organización non lucrativa galega con fins iguais ou semellantes que os desta organización.